

PE 2020/48 – 14 de abril de 2020

A colaboradores e xesuítas da Provincia de España

Queridas amigas e amigos:

¡Feliz Pascua de Resurrección! Atrévome a enviarvos esta mensaxe a tódalas persoas de tódalas nosas obras apostólicas, desde o persoal, ás familias, a tantos nenos, nenas e adolescentes, a miles de antigos alumnos e alumnas e ós meus queridos xesuítas. O Papa lembrábanos o “dereito á esperanza” que xorde da resurrección de Xesucristo. A iso estamos chamados desde un contexto novo onde deberemos reler tanto as Preferencias Apostólicas Universais da Compañía como o Proxecto Apostólico da Provincia.

En todo este período de confinamento, ergueuse con forza a importancia do *coidado*, como sinalaba Alain Touraine. Algo que se cadra esqueceramos ou pospoñeramos dando prioridade ó rendemento, á efectividade, o logro económico... Ollando o que facemos como Provincia, atopamos moito en diversos sectores: coidado social, coidado espiritual, coidado educativo, coidado de mozos en acollida, coidado en hospitalidade, coidado pastoral da mocidade, coidado en acompañamentos... Este variado coidado seguiu chegando a moitas persoas por medios telemáticos ou directos e é un pequeno signo da nosa achega. Ollando a sociedade no seu conxunto, o agradecemento vai ó persoal sanitario que tomou a primeira liña, xunto ós que se dedicaban á alimentación, transporte, seguridade, etc., e onde, seguro, estades moitos dos que ledes esta carta. Especialmente, quero sinalar o noso persoal en enfermerías da Provincia que nos acompaña e dá todo o seu ser pola saúde de moitos anciáns xesuítas. Ollando a Igrexa, outros moitos contribúen en Cáritas, hospitais, residencias... En cada un deses servizos sentimos, xunto co agradecemento, que o coidado é a clave (e é a salvación). A través destas accións, o corazón de Xesús está a sentir a dor da multitude (Mt 9, 36). Nestes tempos, faise máis evidente o coidado silencioso de tantas persoas, sobre todo mulleres, que seguen a facer o que hai que facer de forma totalmente gratuíta, sen esperar nada e sen recibir paga, anticipando o sabor do Reino.

Como cristiáns desde claves ignacianas, percibimos que, ante a pregunta sobre Deus, queremos seguir *respondendo cos medios ó noso alcance*. Non queremos unha visión fundamentalista de Deus, cargado de normas ou de esixencias externas. Queremos máis un Deus que nos axude a camiñar con outras persoas, que nos dea luz para o camiño, que nos axude a crear fraternidade desde a comunidade, desde o silencio e desde a acción pola xustiza. Trátase dunha unión singular que nos leva a percibir que nos queda treito por facer: o alumnado que non puido seguir clases por non ter medios técnicos para iso, os inmigrantes que non atopan modo de vida, as persoas que se senten ameazadas ante a perda do traballo ou das axudas sociais, a sensación de angustia e perda de sentido, a soidade de nenos, nenas, xente moza e maiores... Como Provincia, trátase de ver *como artellar unha resposta conxunta* en cada sector ou entre sectores desde unha coordinación e unha acción conxunta maior: *axudarnos* desde os centros sociais e de hospitalidade, desde uns colexios a outros, desde as obras de cooperación de forma conxunta e desde as parroquias ou comunidades cristiás que acompañamos; e, ademais, *compartir* o que temos nunha campaña solidaria provincial que está por definir, comunicarnos ideas e análises

que enfoquen a situación cara á xustiza polos máis débiles, e transmitir a causa de todo iso que é o Deus de Xesús, que nos dá forza e que é razón da nosa esperanza (1 Pe 3,15). A reflexión en común desde cada lugar concreto convértese no alimento que nos axude a responder cristianamente e a construír, desde cada sector ou plataforma, un conxunto de reflexións que se poidan articular de forma máis robusta.


Remato con algunhas propostas concretas para nós como Provincia. Ó comezo, mencionaba moitas persoas que están comprometidas de diversas formas contra esta pandemia. A verdade é que tan só somos unha pequena fracción neste país e a nosa aspiración é limitada. Mais, quizais, xuntos podemos tratar de levar a cabo *iniciativas que movan cara á esperanza e cara á xustiza*, pensando en tantas institucións, asociacións e comunidades cristiás ás que se lles fai chegar esta mensaxe.

Desde as persoas que somos e que coñecemos, poderíamos dar *máis pasos*. Debemos unir as nosas forzas como institucións pastorais, educativas, sociais, como antigos alumnos ou alumnas, como familias e como Igrexa, para propoñer un novo modelo que axude a vivir desde a solidariedade cos máis necesitados precisamente ós que poden decidir nos diversos niveis políticos. As feridas actuais (sociais, ideolóxicas, territoriais) pódense converter en cicatrices se, como di Ignacio de Loiola, somos quen de “salvar a proposición do próximo” antes que condenala (Ex. 22).

Ademais, desde as nosas ONG para a cooperación e as redes internacionais xesuítas, pódese seguir pedindo un goberno mundial e internacional sólido e baseado no consenso e a xustiza. Trátase de pedir unha Constitución da Terra, unha forma dialogada de protexer a xustiza entre nacións nesta Casa Común. As iniciativas cidadás abertas que inflúan nos gobernos poden axudar a un fin común construtivo e humanizante. O P. Xeneral o pasado día 2 de abril mencionaba as novas posibilidades desa dramática situación para non deixar ninguén atrás e reforzar as relacións máis xustas.

Remato volvendo sobre as palabras do Papa Francisco: a resurrección dános “dereito á esperanza”. Oxalá que, como Compañía de Xesús e tantas persoas próximas e vinculadas, nos dea Deus luz para atoparmos o consolo do Resucitado no medio das sombras. Pedimos ao Deus da Vida forzas para todo iso, unidos e tamén activos para construírmos o mellor para a humanidade, A.M.D.G.

Unha aperta a todos e ¡Feliz Pascua!



Antonio J. España Sánchez, S.J.
Provincial de España